



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E
POPULAR
ESPECIALIDADE CONXUNTO

MATERIA: CONXUNTO

OBXECTIVOS

- Valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental na formación musical e instrumental.
- Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ó mesmo tempo que se executa a propia.
- Utilizar os recursos de ornamentación e articulación, así como tódolos recursos sonoros, alcanzando un dominio do instrumento que permita demostrar unha sensibilidade auditiva para lograr a máxima calidade sonora, axustando o son en función dos demais instrumentos do conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo de investigación da música tradicional como fonte de inspiración e coñecemento así como o deber de preservala.
- Desenvolver a capacidade para improvisar dúos, segundas voces, baixos...
- Desenvolver as destrezas necesarias facer arranxos de obras para conxunto de gaitas nunha ou máis tonalidades.
- Dominar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director.

CONTIDOS BÁSICOS CONCEPTUAIS

- Análise e interpretación das obras do repertorio, así como adestramento permanente da memoria.
- Audicións comparadas de diferentes gravacións de conxuntos, análise crítico das características das diferentes interpretacións.
- Práctica de transcripción de documentos sonoros que permitan un afondamento na interpretación das distintas escolas.
- Afondamento nos aspectos propios da interpretación de conxunto, con especial atención ós arranxos, creación de voces, etc.
- Gravación do repertorio proposto, así como audición crítica das mesmas.

CONTIDOS BÁSICOS PROCEDIMENTAIS

- Estudio, análise, ornamentación de obras, así como o arranxo das mesmas para a interpretación de conxunto, coa utilización de variacións, inclusións de voces ás melodías orixinais, uso de recursos sonoros, etc..
- Interpretación de obras non orixinais para gaita galega con ornamentación, dicitación e articulación de acordo a criterios estilísticos.
- Lectura a primeira vista de fragmentos e obras propostos.
- Composición de obras para a interpretación no propio conxunto.
- Práctica de composición a partir de melodías propostas, coa adaptación á plantilla instrumental do conxunto.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E
POPULAR
ESPECIALIDADE CONXUNTO

MATERIA: CONXUNTO

- Gravación das obras propostas, así como o seu posterior análise crítico.
- Transcrición de obras pertencentes a conxuntos tradicionais, con análise formal, estilístico, etc.
- Interpretación do repertorio en audicións públicas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Interpretación das transcricións realizadas.
- Interpretación de conxunto en concertos, audicións, etc., fóra das contempladas na materia.
- Gravación do repertorio, con sesións de comentario acerca das audicións e das gravacións

CONTIDOS BÁSICOS ACTITUDINAIS

- Desenvolvemento mediante a observación e a propia experiencia dunha actitude crítica fronte ó fenómeno da interpretación musical.
- Valoración da evolución ó longo do século XX da interpretación da música para gaita.
- Conciencia dos diferentes usos que tivo a gaita ó longo da súa historia.
- Valoración e conciencia da importancia da gaita e do seu patrimonio musical na cultura galega como aporte á cultura universal.
- Valoración da ornamentación como elemento musical e non como elemento exclusivamente técnico.

RECURSOS MATERIAIS

- Material fonográfico (Cds, Cassettes, etc.) para as transcricións.
- Equipo de son
- Piano.
- Partituras das obras a preparar e bibliografía básica (Cancioneiros, libros e manuais de autor).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostrar as capacidades necesarias para tocar con outras gaitas, tendo en conta o empaste e afinación e a uniformidade na execución tanto da melodía como da ornamentación. Mostrar capacidade de cambio, mesmo nas posicións para igualar son e timbre cos demais.
- Ter o instrumento perfectamente afinado.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E
POPULAR
ESPECIALIDADE CONXUNTO

MATERIA: CONXUNTO

- Mostrar a autonomía necesaria para tomar decisións en diferentes obras, de maneira, que se poda avaliar a capacidade dos alumnos para realizar unha interpretación persoal.
- Demostrar o dominio na execución das obras deste nivel, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Especial atención a comezos, finais e entradas sucesivas.
- Interpretar de memoria, obras nas que demostre o nivel técnico e musical. Inclúranse obras con ornamentación dada, e obras con ornamentación proposta polos alumnos.
- Repentización dun fragmento proposto.
- Interpretación de obras tradicionais arranxadas polo grupo para conxunto de gaitas.
- Interpretación dunha obra non galega arranxada polo grupo para conxunto de gaitas.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación inicial se contempla como unha comprobación dos coñecementos previos e se realizará nas primeiras sesións, basicamente coa observación directa.

- Observación diaria e sistemática, da actitude, evolución e traballo desenvolvidos polos alumnos.
- Faranse dúas audicións no curso, nas que deberá demostrar:
 - A súa capacidade para a organización dun concerto.
 - A elección dun vestuario apropiado.
 - Unha correcta posta en escea.
 - A capacidade para resolver un programa representativo do instrumento.
- Avaliación das transcripcións realizadas, con especial atención á súa fidelidade coa gravación orixinal.
- Faranse varias audicións de aula con partituras arranxadas e ornamentadas polos alumnos de:
 - o Obras de repertorio tradicional e de autor.
 - o Polo menos unha obra de repertorio non galego.
 - o Presentación de obras compostas polos alumnos con arranxos para conxunto de gaitas.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Realización dunha audición dunha duración mínima de media hora e dun máximo dunha hora na que o alumno demostrará, mediante o repertorio traballado na aula no curso, todo o citado anteriormente:



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E
POPULAR
ESPECIALIDADE CONXUNTO

MATERIA: CONXUNTO

- A súa capacidade para a organización dun concerto.
- A elección dun vestiario apropiado.
- Unha correcta posta en escea.
- A capacidade para resolver un programa representativo do instrumento.

Presentación dunha transcripción fiel dunha gravación proposta previamente polo profesor.